



PLAN DIXITAL

C.E.I.P. Magaláns-Dorrón

Xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Centro	C.E.I.P. MAGALÁNS-DORRÓN
Dirección	Magaláns-Dorrón s/n 36966- Sanxenxo
Correo electrónico	ceip.magalans.dorron@edu.xunta.gal
Páxina web	https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmagalansdorron/

Catálogo do Centro	N.º Unidades
Educación Infantil	2
Educación Primaria	4
F.I,	1
P.T.	1
E.F.	1
E.M.	1
Relixión	1
D.O.	Compartido
A.L.	Compartido

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O Ceip de Magaláns encóntrase situado en Dorrón, parroquia do concello de Sanxenxo que ten unha extensión de 5,6 quilómetros cadrados, os límites son a parroquia de Bordóns, o concello de Meaño, Poio e a ría de Pontevedra.

Ten unha poboación de 1.373 habitantes, distribuídos en 14 entidades de poboación: Areas, Barreiro, Casal, Granxa, Costa, O Castro, Os Cotos, Freixeiro, Magaláns, Outeiro, Recarei, Rexenxo, Rodeiras e Torre.

En relación ao contorno socioeconómico e cultural destacamos o feito de que Dorrón é unha parroquia de marcado carácter rural, a economía está centrada no sector servizos así como na agricultura e na pesca.

O nivel de estudos dos pais e nais é, nunha altísima porcentaxe, primario. Polo tipo de traballo dos pais e nais, moitos nenos/as pasan un tempo considerable ó coidado das avoas e avós ou doutros familiares.

A participación das familias na vida escolar é satisfactoria. Gran parte das relacións coas familias, sobre todo, no que se refire a aspectos non académicos artículanse a través da Asociación de Nais e Pais de Alumnos, que funciona en estreita relación co centro.

A lingua de comunicación máis utilizada na zona é o castelán.

A finalidade da nosa Escola é que o alumnado aprenda e se forme como individuo da sociedade na que vive, levando a cabo una pequena análise hai algúns anos que a experiencia do uso das TIC puxo de manifesto as seguintes situacións:

- 1.** A "alfabetización dixital" é útil e necesaria.
- 2.** Os programas que utilizaban os/as alumnos/as estaban baseados na filosofía do reforzo. Non posibilitan que sexan creativos/as porque só permiten elixir unha opción entre varias nin tampouco asegura transferencia de habilidades a situacións novas e reais.
- 3.** O uso da tecnoloxía non era garantía de motivación para o/a alumno/a.
- 4.** Introduciuse o ordenador como fonte de coñecemento da mesma forma que antes o era un libro ou un profesor. Internet e multimedia usouse máis para ensinar que para aprender.
- 5.** Os programas utilizábanse para que os/as alumnos/as realicen tarefas complementarias que consoliden aprendizaxes de coñecementos. Noutras ocasións foron ferramentas para potenciar a produtividade: procesador de textos, programas gráficos, etc.

Con intención de contribuír a superar as situacións citadas anteriormente, no CEIP Magaláns-Dorrón decidimos desenrolar en Educación Primaria un programa cos seguintes obxectivos:

- 1.** Fomentar a imaxinación, indagación e procura máis alá da simple reprodución.

- 2.** Promover unha aprendizaxe activa.
- 3.** Favorecer o pensamento crítico: descubrir, analizar, anticipar, diferenciar, clasificar, comparar, relacionar, distinguir, sintetizar,... É dicir: pensar e tomar decisións.
- 4.** Favorecer a construción de coñecemento dentro do contexto curricular. Trataríase de converter a información en coñecemento.
- 5.** Adquirir unha adecuada formación en valores relacionados co uso da tecnoloxía.
- 6.** Priorizar a vertente cooperativa da aprendizaxe.
- 7.** Favorecer o desenvolvemento das habilidades instrumentais que permitan representar de forma oral e escrita os contidos de aprendizaxe.
- 8.** Utilizar modelos de ensino/aprendizaxe variados: resolución de problemas, proxectos, estudo de casos, etc.

O plan Dixital do centro sen dúbida vai influír en diferentes aspectos na programación xeral do vindeiro curso, xa que nel van reflectidos distintos compromisos de formación e de actuacións que terán que ter a súa cabida na PXA, en tanto serán eixos primordiais das actividades de formación do vindeiro curso académico.

Por outra banda cada ciclo terá que determinar, tal e como se verá nos obxectivos deste plan Dixital, os contidos a traballar co alumnado para a realización do itinerario de formación básica en contornas dixitais. Estes contidos serán integrados nas programacións de aula e se fará referencia a eles na propia PXA como obxectivos de ciclo.

1.3. Breve xustificación do mesmo

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan

instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022

- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022

- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

A elaboración do Plan Dixital iniciouse coa configuración dun equipo específico con tres mestres/as que seguiron as liñas marcadas pola Liña 1 do PFPP relativo a Plan Dixital e asesoría Adix Vilagarcía 2.

O equipo está composto por:

- María Dolores Dios Rodiño
- Brenda Meis Diz
- María Hortensia Pérez Machado

A liña de traballo constou de tres momentos:

- A recollida de información aplicando as ferramentas SELFIE e test CDD para obtención de información seguindo as directrices do marco común de estratexia dixital Digcomporg.

- A reflexión de necesidades, fortalezas, ameazas e oportunidades, DAFO, empregando a información recollida previamente.

- Elaboración dun plan de acción que será recollida na redacción final do Plan Dixital, de aplicación para o vindeiro curso.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- Infraestrutura dixital do centro:

Todas as aulas contan con un punto de acceso á rede por cable e conexión inalámbrica wifi.

- Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:

EQUIPO	XUSTIFICACIÓN	ANO/ESTADO	PROPIEDAD
Portátil: R90KHBMQ LENOVO L540	Aula 5º E.P. PDI	2015/ Aceptable	Consellería
Portátil: R90FHBKW LENOVO L540	Aula 6º E.P. PDI	2015/ Aceptable	Consellería
Portátil: LXTTX020080160001E23OO ACER TM8571	Aula Informática	2010/Malo	Consellería
Portátil: 5CD03393H HP 15 S	Aula Informática	2019/Bo	CEIP Magaláns-Dorrón
Portátil: 5CD0339MYX HP 15 S	Aula Informática	2019/Bo	CEIP Magaláns-Dorrón
Portátil: 5CD112RL4T HP 15 S	Aula Informática	2019/Bo	CEIP Magaláns-Dorrón
Portátil: NXVW8EB005110034F72N00 ACER	Préstamo alunado	2021/Bo	Consellería
Portátil: NXVW8EB0051100368D2W00 ACER	Préstamo alunado	2021/Bo	Consellería
Portátil: NXVW8EB00511000EFBN00 ACER	Préstamo alunado	2021/Bo	Consellería
Portátil: NXVW8EB005110036C32N00 ACER	Préstamo alunado	2021/Bo	Consellería
Portátil: E1N0CX112338013	ORIENTACIÓN	2021/Bo	CEIP Magaláns-Dorrón

ASUS X75A			
Portátil: CBNOCX263046472 ASUS	Inglés	2018/Bo	CEIP Magaláns-Dorrón
Portátil: ECNOCU52792252F ASUS X75A	Inglés	2018/Bo	CEIP Magaláns-Dorrón
Portátil: CBNOCX263046472 ASUS X75A	TITORÍA 6º E.P.	2016/ Deteriorado	CEIP Magaláns-Dorrón
Portátil: CWV1405DZY HP	MÚSICA	2020/ Deteriorado	Consellería
Portátil: R907FH66 LENOVO L540	P.T.	202014/ Aceptable	Consellería
Portátil: E5NOWU10659320C ASUS	E.I.	2015/ Deteriorado	CEIP Magaláns-Dorrón
Portátil:CND00323LZ HP	TITORÍA 1º E.P.	2021/Bo	CEIP Magaláns-Dorrón
Portátil:CND13353rn HP	TITORÍA 2º E.P.	2021/Bo	CEIP Magaláns-Dorrón
Portátil: HP	E.F.	2021/Bo	CEIP Magaláns-Dorrón
CPU (n.º UNIDADES 6) HP PRODESK 600	AULA INFORMÁTICA	2014/Malo	Consellería
CPU (n.º UNIDADES 2) FUJITSU M14W	AULA INFORMÁTICA	2012/Malo	Consellería
CPU CZ64197VQ HP PRODESK G2	DIRECCIÓN	2014/Aceptable	Consellería
CPU CZ64196XX HP PRODESK G2	BIBLIOTECA	2014/Aceptable	Consellería
PANTALLA (N.º UNIDADES 6) HP	AULA INFORMÁTICA	2014/BO	Consellería
PANTALLA (N.º UNIDADES 2) FUJITSU	AULA INFORMÁTICA	2012/BO	Consellería
PANTALLA (N.º UNIDADES 2) HP	DIRECCIÓN/ BIBLIOTECA	2014/BO	Consellería
PROXECTOR: (N.º unidades 2) EPSON	AULA INFORMÁTICA	2008/ Deteriorada	Consellería
PROXECTOR: (N.º unidades 6) EPSON EB	AULAS	2015/ ACEPTABLE	Consellería

PROXECTOR: (N.º unidades 2)	AULAS INFANTIL	2011/ Deteriorada	Consellería
PDI (N.º unidades 3) SMARTBOARD MC1780	AULAS	2015/ ACEPTABLE	Consellería
PDI (N.º unidades 1) SMARTBOARD	AULA MÚSICA	2011/ REGULAR	Consellería
PDI (N.º unidades 3) IQ BOARD	AULAS	2015/ ACEPTABLE	Consellería
PDI (N.º unidades 1) SMARTBOARD	AULA E.I.	2006/ Deteriorada	Consellería

- Servizos dixitais educativos:

Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmagalansdorrón/>

Aula virtual: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmagalansdorrón/aulavirtual/>

- Xestión do mantemento do equipamento do centro.

Esta labor recae no equipo TICs e contratación de servizos informáticos externos ao centro da empresa Red Tyrel que realiza as labores de mantemento do equipamento do centro.

Tamén se empregan servizos como a UAC de atención a centros, asesoría de AMTEGA e CFR para solucionar aspectos técnicos.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para a realización da análise DAFO, empregáronse diferentes ferramentas dixitais que a continuación se sinalan. Nestas inclúense resultados das diferentes fontes.

2.1.1 SELFIE

A través da web oficial da Unión Europea, empregouse a esta aplicación de diagnose de persoal docente e alumnado. A través do rexistro nesta páxina, ademais das cuestións predeterminadas, incluíronse preguntas xerais e concretas para o centro. Os resultados desta autoavaliación recóllense a continuación:

Areas	Grupos	Ensinanzas
-------	--------	------------

		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	4.3
	Profesorado	4.2
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	4
	Profesorado	3.8
	Alumnado	4
C- Infraestructuras e Equipos	Equipo Direct.	4.1
	Profesorado	3.9
	Alumnado	4.3
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	5
	Profesorado	4.4
	Alumnado	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.6
	Profesorado	4.5
	Alumnado	-
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4.2
	Profesorado	4.1
	Alumnado	3
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3.6
	Profesorado	4.1
	Alumnado	-
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4.1
	Profesorado	3.9
	Alumnado	4.4

2.2.2 Test CDD

A través da aplicación FProfe desenvólvese entre a comunidade docente unha enquisa do nivel de competencia dixital do profesorado.

Participación segundo perfil do profesorado (*apartado 1.3 test CDD*)

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	6	7	85,7 %
PROVISIONAL	1	1	100 %
INTERINO	2	2	100 %
SUBSTITUTO	3	4	75 %
DESPRAZADO	-	-	-

Puntuación e nivel de competencia do centro (*apartado 2.1 test CDD*)

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
113,3	Experto/a (B2)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas (*apartado 2.2 test CDD*)

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INFANTIL	115,4	Experto/a (B2)	68,2	Integrador/a (B1)
PRIMARIA	110,4	Experto/a (B2)	77	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis (*apartado 3 test CDD*)

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	-	-
A2	1	8.3 %
B1	2	16.7 %
B2	4	33.3 %
C1	5	41.7 %
C2	-	-
TOTAL	12	100.00%

Outras fontes para obtención de datos partiron do debate e choiva de ideas recollidas a nivel centro por parte de todo o claustro de profesorado onde amosaron a súa opinión na matriz DAFO e consulta con outros documentos de centros a modo orientación.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE e TCDD eralizamos unha análise DAFO das debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades que permita o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilite a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital, obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	-	Faltan dispositivos para que o alumnado traballe ao longo da xornada escolar.
	PERSOAL DOCENTE	O profesorado elabora recursos dixitais para ensinanza-aprendizaxe.	Pouco uso das tecnoloxías dixitais na avaliación.
	PERSOAL NON DOCENTE	-	-
	ALUMNADO	Alumnado altamente motivado para o uso das TICs.	Pouco uso das tecnoloxías dixitais con fins pedagóxicos fóra do centro.

	FAMILIAS	O centro utiliza tecnoloxías dixitais para a comunicación coas familias.	Escasa competencia dixital.
	OFERTA	-	-
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Reparto equitativo do uso dos recursos existentes no centro.	Non existe biblioteca de recursos dixitais.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Formación continuada do profesorado.	Implantación de plans con poucos medios/recursos.
	LEXISLACIÓN	-	Excesivos cambios lexislativos.
	CONTORNA	-	Problemas de conectividade.
	ANPA	Colaboración para dotar de equipos ao centro.	-
	OUTRAS ENTIDADES	-	-

3. Plan de Acción

Analizadas as necesidades e propostas de mellora suxeridas, cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos do centro.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Aparecen recollidos nas seguintes táboas que servirán tamén como avaliación e memoria do Plan Dixital a final de curso.

“Área/s de mellora”: E: APOIOS E RECURSOS

1. OBXECTIVO :	Crear unha biblioteca con recursos dixitais.			Acadado		
RESPONSABLE:	Coordinador/a TICS			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Cantidade de publicacións dentro da biblioteca.					
Valor de partida	0 contidos publicados					
Valor previsto e data	5 contidos publicados			Final de curso 22/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Crear un equipo de traballo.	Coordinador/a TICS	Setembro	Acta	Creación equipo	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Inventariar os recursos dixitais existentes no centro.	Equipo de traballo	Outubro	Equipos informáticos	Listado de recursos	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Elaborar un listado de recursos dixitais online organizado por curso e materia.	Equipo de traballo	Novembro	Equipos informáticos	Listado de recursos	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Publicación na aula virtual, web ou blog para difusión dos contidos.	Coordinador/a TICS	Decembro	Equipos inormáticos Listado	Asistencia e distribución	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: E: APOIOS E RECURSOS							
2. OBXECTIVO :	Elaborar RECURSOS DIXITAIS					Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/a TICS					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Cantidad de recursos dixitais creados.						
Valor de partida	0 recursos creados e publicados						
Valor previsto e data	5 recursos creados e publicados					Fin de curso	
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO2.1: Crear un equipo de traballo.	Coordinador/a TICS	Setembro	Acta	Creación equipo	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO2.2: Facer unha programación de actividades.	Grupo traballo	Setembro	Programación Didácticas	Listado	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO2.3: Crear os contidos seguindo a programación deseñada.	Grupo traballo	Todo o curso	Programas Equipos informáticos	Actividades elaboradas	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO2.4: Presentar e utilizar as actividades anteriores.	Grupo traballo	Todo o curso	Listado	Listado	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

“Área/s de mellora”: C: INFRAESTRUCTURA E EQUIPOS							
3. OBXECTIVO :	Optimizar os equipos do centro.					Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/a TICS					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Cantidade de incidencias resoltas.						
Valor de partida	0 incidencias resoltas.						
Valor previsto e data	10 incidencias resoltas				Final de curso 22/23		
ACCÍONS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO3.1: Crear un equipo de traballo.	Coordinador/a TICS	Setembro	Acta	Creación equipo	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO3.2: Revisar o estado do equipamento tecnolóxico do centro e intentarialo.	Equipo de traballo	Outubro	Equipos informáticos	Listado de recursos	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO3.3: Proponer os criterios para a utilización e optimización dos recursos informáticos existentes.	Equipo de traballo	Outubro	Equipos informáticos	Protocolo de traballo.	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
	Equipo de traballo	Todo o curso 22/23	Listado	Listado utilización	Realizada		

AO3.4: Aplicar os criterios e protocolos.					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Equipament o ou recurso	Xustificación
PDI	NECESIDADE RENOVACIÓN POLO DETERIORO DAS EXISTENTES DEBIDO A ANTIGÜIDADE d AS MESMAS
CPU	NECESIDADE RENOVACIÓN POLO DETERIORO DAS EXISTENTES DEBIDO A ANTIGÜIDADE DAS MESMAS
PORTÁTILES	NECESIDADE RENOVACIÓN POLO DETERIORO DAS EXISTENTES DEBIDO A ANTIGÜIDADE DOS MESMOS

4. Avaliación do plan

● **Avaliación procesual**

Trimestralmente nunha reunión do equipo que conforme o Plan Dixital realizarase unha valoración das accións levadas a cabo dentro do plan de acción a fin de reaxustalas e reorganizar a planificación e liña de traballo a seguir facendo a avaliación dentro das propias táboas.

● **Avaliación final**

Será recollida nas memorias finais, onde se deseñarán novas liñas e obxectivos de traballo reaxustando e valorando o logro acadado no plan de acción. Estas propostas de mellora serán o punto de partida do plan de acción do vindeiro curso.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital será aprobado en Consello Escolar, pasará a formar parte da documentación de centro. Estará publicitado dentro da páxina web do centro no apartado de documentación para consulta de toda a comunidade educativa.